

# OSOÑO DE GABRIELLE

[Nicole Garcia, 2016]

# 243

ESTREA EN NUMAX: 09.06.2017 | V.O.S.E. | +12

*Mal de pierres* (2016, 120')

**Dirección:** Nicole Garcia

**Guión:** Jacques Fieschi, Nicole Garcia (Novela: Milena Agus)

**Elenco:** Marion Cotillard, Louis Garrel, Àlex Brendemühl, Brigitte Roüan, Victoire Du Bois, Aloïse Sauvage, Daniel Para, Jihwan Kim, Victor Quilichini

**Son:** Sylvain Malbrant, Raphaël Mouterde

**Vestuario:** Catherine Leterrier

**Montaxe:** Simon Jacquet

**Fotografía:** Christophe Beaucarne

**Música:** Daniel Pemberton

**Productoras:** Les Productions du Trésor, StudioCanal, France 3 Cinéma, Pauline's Angel, My Unity Production, Lunanime, Canal+, Ciné+, France Télévisions, Cofinova 12, La Banque Postale Image 9, Indéfils 4 (Francia)

**Distribuidora:** Festival Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés, español e alemán

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Sección oficial), César 2016 (8 nominacións, incluído mellor filme, directora e actriz –Marion Cotillard–), Lumière 2017 (nominado a mellor actriz –Marion Cotillard– e mellor fotografía –Christophe Beaucarne–), Globos de Cristal 2017 (mellor filme), BCN Film Fest 2017 (mellor filme)

## FILMOGRAFÍA


*Un beau dimanche*, 2013  
*Un balcon sur la mer*, 2010  
*Selon Charlie*, 2006  
*El adversario*, 2002  
*Place Vendôme*, 1998  
*Le fils préféré*, 1994  
*Un week-end sur deux*, 1990

## SINOPSE

Tras a Segunda Guerra Mundial, Gabrielle contrae matrimonio, mais non é feliz na súa relación. Durante dúas décadas veremos como esta muller de espírito libre debe elixir sempre entre os seus dous amores, o que lle ofrece o seu marido e o que encontra de maneira inesperada. Pero ademais Gabrielle terá que facer fronte ao mal de pedra, unha enfermidade coñecida como cálculos renais que tentará mitigar nun balneario.

«Un himno ao amor,  
á rebelión e á loucura»

★★★★★ Anne Diatkine, ELLE



## “O cinema é coma un monstro que me devora”

**Entrevista a Nicole Garcia**  
Por Juan Tomás Erbiti

**Por que criches que pagaba a pena levar este libro ao cinema?** Leo moito, mais non leo buscando adaptacións aos meus filmes. Nos meus personaxes sempre procuro algo relacionado co estado mental que poño en cuestión, e tíño en Gabrielle. A xente pregúntase se Gabrielle está tola, se hai que internalala. Mais ela quere algo que a xente non entende. Moitas veces falamos de amor e poñémoslles cousas detrás que non son claras. Gabrielle sabe que quere: esa cousa sexuada e sagrada á vez. Para ela, as dúas cousas son o mesmo, e coído que para min tamén.

**É un filme dirixido e protagonizado por mulleres. En Francia tamén son minoría as cineastas mulleres? Loitas contra iso?** Son feminista, mais non son militante. Cada vez hai máis mulleres cineastas. E en todas as artes. En Cannes houbo unha soa muller que recibiu a Palma de Ouro, Jane Campion en 1993, con *El piano*. Temos que mirar alén de homes e mulleres, penso que superamos esa desigualdade. E non estou a buscar vitimización. O cinema é difícil para todos, homes e mulleres, é difícil producir, é difícil loitar contra a potencia dos Estados Unidos.

**Actriz, guionista, directora. Hai algún rol no que goces máis?** Como actriz

hoxe tento traballar nos intres que me deixa libre a filmación. O que si me dá mágoa é ter deixado o teatro, de onde procedo. Mais collinlle moito gusto a isto de facer cinema e dedicarlle seis meses a unha obra de teatro paréceme tempo perdido. O cinema é coma un monstro que me devora.

Publicado en [www.clarin.com/](http://www.clarin.com/)

\* \* \*

*Notas da directora*

## “Hai algo na loucura das mulleres que me gusta”

A historia baséase nunha novela de Milena Agus, que me deu unha idea moi significativa de como podería ser o destino dunha muller. Mais os libros requiren interpretación e reinvención. Para contar a miña propia historia, tiña que ser quen de apropiarme dela libremente. É posíbel desviarse da historia orixinal sen traizoala, e coído que iso é o que Jacques Fieschi e máis eu fixemos ao escribir o guión. Modificámolo, desenvolvemos ideas e inventamos partes novas, mais sempre tiven presente o aspecto que me conmoveu tanto da historia, a verdadeira razón pola que me engaiolou. Para min, o destino desta muller representa un tipo de imaxinación, unha forza creativa, que todos temos cando os nosos desexos e soños nos levan aos nosos propios límites, a ir máis alá. No caso de Gabrielle, ao ser tan nova, tiña ese forte desexo carnal que ela chamou «a cousa principal», esa doce fuga do desexo e o amor, esa forza animal.

Esa paixón que rodea toda a súa existencia, remata chocando brutalmente co home que pretende reprimila, o profesor da aldea, e remata condenada pola súa familia e por toda a sociedade nos anos cincuenta.

Pero algo real se mantén intacto no seu interior, aínda que a obriguen a casar. Durante os 17 anos da súa vida que transcurren no filme, non perde nada da súa forza palpitante que fai que o mundo ao seu redor semelle mediocre. Grazas á súa loucura, ou ao que outras persoas chaman loucura, nunca abandona os seus soños. Ao rebelarse, os demais tentan detela e parece renderse, mais nunca renuncia a nada. Cando, finalmente, sente ese grande amor, ese intre frenético que pode darlle sentido á súa existencia e o destino ameaza con arrebatarllo de novo, mostra exactamente do que a súa gran paixón é capaz. Gabrielle vive entre un mundo anticuado e unha época de grandes esperanzas e liberdades. Interésanme os personaxes femininos que presentan esa dimensión emocionante, trémula e poética. Hai algo na loucura das mulleres que me gusta, algo nesa fragilidade que albergan cando existe unha posibilidade de que todo de desborde, ás veces mesmo correndo o risco de que todo se sume no caos. Tamén me gustan os personaxes masculinos, José, o marido, e André, o amante. Gústame a súa modestia, a súa valentía e os seus silencios. Un dos principios da historia novelística é que os personaxes non se estanquen, non sexan prisioneiros das súas situacións.

Publicado en <http://elsuenodegabrielle.es/>  
Traducións ao galego: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Mal de pedras,**  
Milena Agus. Siruela, 2008

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

